



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

O [Diario Oficial de Galicia \(DOG\)](#) de hoxe, 27 de abril, publica a convocatoria conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria para a [contratación de investigadores na etapa posdoutoral](#). A dotación total da convocatoria ascende a preto de 8,7 millóns de euros, coa que se financiarán un máximo de 71 contratos.

Poderán optar a estas axudas as **universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG)**, os **organismos públicos de investigación de Galicia**, as **fundacións de investigación sanitaria de Galicia** (Fundación para a Investigación Desenvolvemento e Innovación Ramón Domínguez, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur) e os **centros do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)** e o **Instituto Español de Oceanografía (IEO)** radicados en Galicia.

As axudas teñen **dúas modalidades**: a **modalidade A** na que os contratados poden realizar unha **estadía no estranxeiro** dun máximo de dous anos de duración e logo enlazar cun contrato de retorno dun ano de duración en Galicia; e a **modalidade B**, destinada aos **beneficiarios dun contrato nunha universidade do SUG da convocatoria de 2013**, que contempla dous anos máis de contratación nunha universidade galega e unha axuda complementaria para o establecemento dunha liña de investigación propia.

As **novidades** desta edición son que se produce un **aumento na contía das axudas** unha media do 4,5% e nos **criterios de valoración** terase en conta a pertenza a grupos de potencial crecemento, referencia competitiva, agrupacións estratéxicas consolidadas ou centros de investigación singular, así como a pertenza a un equipo liderado por persoal investigador distinguido ao abeiro do programa Oportunus.

As bases completas das convocatorias están dispoñibles na [sección axudas da web de GAIN](#).

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

